



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a seis de setembro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. ALBA REGOS MATA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO.
- GONZALO VEIRAS CASTRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26/07/2019.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 26 de xullo de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 26 de xullo de 2019, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

PUNTO SEGUNDO: RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 19/07/2019, PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2019.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19/07/2019, de participación na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña.

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Con data 30/04/2019 o Servizo de Plans da Deputación Provincial remitiu a Circular sobre elaboración do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega da Deputación, que se aprobará en dúas fases.

Na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019 os Concellos poden incluír novos investimentos financeiramente sostibles, cuxo prazo de solicitude remata o 13/09/2019, debendo presentar o concello unha certificación do acordo adoptado polo Pleno.

O Pleno do Concello, de data 12/07/2019, acordou delegar na Xunta de Goberno Local, entre outras, as competencias seguintes:

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
- Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por non esixir a súa aprobación unha maioría especial.
- As demais que expresamente lle confiran as leis.

As Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “ POS+ 2019 ”, no apartado **5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE**, sinala que a participación neste Plan require acordo do Pleno do Concello.

Os acordos do Pleno do Concello que deben adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación son para as materias contempladas no art. 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril. Materias nas que non se inclúe o acordo de participación en Plans da Deputación Provincial.

Tendo en conta o anterior o Secretario do Concello informou que o acordo do Pleno de participación na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, é unha competencia que corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno do Concello, debendo someterse previamente ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo (art. 123.1 do R.D. 2568/1986, de 26 de novembro, ROF).

A Xunta de Goberno Local, de data 19/07/2019, acordou participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, facendo constar neste acordo que este se adoptaba en virtude de competencias delegadas polo Pleno.

Unha vez presentada a través da Plataforma SUBTEL da Deputación a documentación para participar no POS+ Adicional 1/2019, 2ª Fase, dende o Servizo de Plans da Deputación Provincial informouse telefonicamente que esta delegación del competencias do Pleno na Xunta de Goberno non era posible.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Polo Concello a efectos de xustificar esta delegación de competencias incluíuse no apartado de documentación adicional da Plataforma SUBTEL o informe do Secretario do Concello, así como anuncio no BOP do acordo do Pleno do Concello, de data 12/07/2019, de delegación de competencias.

Polo Secretario do Concello realizouse unha consulta telefónica ao Secretario Xeral da Deputación Provincial en relación coa posibilidade desta delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, que sinalou que en termos xerais entendía que era unha competencia delegable, aínda que descoñecía cales eran os motivos polo que o Servizo de Plans entendía o contrario.

Con data 14/08/2019 recibíuse a notificación do Servizo de Xestión de Plans desa Deputación Provincial de requirimento de subsanación de deficiencias da solicitude presentada por este concello a través da Plataforma Subtel de participación no POS+ Adicional 1/2019, 2ª Fase, indicando que segundo se establece na Base 5.A reguladora do Plan (BOP nº 188, de data 02/10/2018), o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, de data 19/07/2019, debe ser ratificado polo Pleno Municipal.

O requirimento de subsanación remitido a este concello polo Servizo de Xestión de Plans non xustifica o motivo polo que é necesaria esa ratificación polo Pleno dun acordo da Xunta de Goberno Local adoptado por delegación deste e que de conformidade co art. 9.4 da LRXSP debe entenderse ditado polo Pleno do Concello.

É reiterada a xurisprudencia que establece a necesaria motivación dos actos administrativos, requisito que non esixe un razoamento exhaustivo e pormenorizado, pois basta coa expresión das razóns que permitan coñecer os criterios esenciais fundamentadores da decisión, facilitando aos interesados o coñecemento necesario para valorar a corrección ou incorrección xurídica do acto.

Pese a terse solicitado a través da Plataforma SUBTEL do Servizo de Plans da Deputación Provincial, con data 20/08/2019, que se xustifiquen os motivos polos que non se acepta a delegación de competencias efectuada polo Pleno na Xunta de Goberno Local, que fan precisa a ratificación do acordo de data 19/07/2019, e se entende que existe unha deficiencia que obriga a súa subsanación. Este Servizo Provincial a día de hoxe non tivo a ben remitir resposta algunha.

A día de hoxe o Concello de Ordes descoñece como interpreta o Servizo de Plans da Deputación Provincial a redacción da base 5.A das reguladoras do Plan POS+ 2019, cuxo texto todos coñecemos, en relación coa delegación de competencias efectuada polo Pleno deste concello para participar no mesmo.

A Xunta de Goberno Local, de data 05/07/2019, acordou solicitar do Ministerio de Enerxía, Turismo y Agenda Digital unha subvención para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (R.D. 616/2017, de 16 de xuño) (BOE nº 144, de data 17/06/2017), proxecto: Actuación de aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Ordes, Fase II, cun orzamento de 202.439,05 euros.

Dende este Ministerio, con data 29/08/2019, e en relación coa subvención anterior remitiuse un requirimento de subsanación de omisión subsanables e deficiencias e/ou aportación de documentación complementaria da solicitude de axuda, solicitando que se remitise certificado do acordo do Pleno Municipal ou certificación acreditativa de que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local se adoptou en virtude de competencias delegadas polo Pleno Municipal.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Resulta cando menos curioso que a Administración do Estado (Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital) entenda que a solicitude dunha subvención (R.D. 616/2017, de 16 de xuño) que require un acordo plenario, pode ser delegada na Xunta de Goberno Local e que a Deputación Provincial entenda que a solicitude dunha subvención (POS+ 2019) que igualmente require un acordo plenario, non pode ser delegada na Xunta de Goberno Local.

Este Concello, co mesmo criterio interpretativo da Administración do Estado da delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, entende que si é posible que o Pleno do Concello delegue na Xunta de Goberno Local a solicitude de participación nun Plan Provincial, neste caso concreto na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019.

A non contestación polo Concello do requirimento de subsanación efectuado polo Servizo de Plans da Deputación Provincial pode dar lugar a que esta teña por desistido ao Concello da súa solicitude de 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, polo que o requirimento debe ser atendido, sen prexuízo de que se poida interpor contra o mesmo o correspondente recurso contencioso-administrativo a efectos de que se clarifique se a participación nun Plan Provincial é unha competencia delegable polo Pleno na Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, propónse ao Pleno do Concello a adopción do acordo seguinte:

1.- Ratificar en todos os seus puntos o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19/07/2019, de participación na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Plans da Deputación Provincial da Coruña”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que ao final non entenden se é preciso ou non é preciso o que indica a Deputación Provincial, para responder ou aportar a documentación entenden que debería haber unha resolución ou algún ditado que dixera que é o que fai falta.

Intervén o Sr. Alcalde, que como ven ve pediuse, achegóuselle a copia da solicitude feita o día 20 de agosto e a día de hoxe non se obtivo resposta, non van a arriscar unha subvención, polo tanto se decidiu convocar este pleno para que se poida loxicamente acceder á subvención, independentemente das accións que se poidan facer con posterioridade contra o acordo que neste momento esta a ditar a Deputación que entendemos é contrario á lexislación.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que preguntan se unha cousa é entendelo que é contrario ou é contrario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entende a día de hoxe é contrario ás competencias que están delegadas desde o pleno na Xunta de Goberno Local.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que pregunta se iso se fixo constar á Deputación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fixo constar no informe do Secretario que ten aí aportado e ao cal se fai referencia na proposta da Alcaldía que se lles fixo chegar.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tamén se deberá facer constar agora cando se aporte a documentación requirida.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vai a enviar a ratificación do Pleno para dar cumprimento ao que a Deputación esixe. De cara ao futuro seguiremos defendendo se é ou non é competencia da Xunta de Goberno Local, que nos dean unha resposta, da que lle daremos traslado a todos e cada un dos grupos para que non volva haber este tipo de situación.

Intervén a Sra. Regos Mata, voceiro do grupo político UxO, que adianta que o seu voto vai a ser positivo. Gustaríalle puntualizar, xa que como voceira de UxO foi a que estivo o día 19 de xullo na Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo na cal, ten incluso apuntado que o Sr. Vidal Ríos, voceiro do BNG, advertiu por ser un concello de menos de 50.000 habitantes era un tema que había que levar ao pleno non servindo con levalo á Xunta de Goberno Local a número 28 que xusto tiveron ese mesmo día. Entende que non tiveron en conta a apreciación e o consello do Sr. Vidal Ríos que incluso dixo que se podería perder o POS.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que efectivamente como apuntaban dende UxO nos naquela Comisión Informativa xa advertíamos por que nos parecía raro que se acordase por medio dunha Xunta de Goberno Local. De feito así o consultamos na Deputación Provincial e o que nos trasladaban é o que pasou hoxe. Non é válido un acordo dunha Xunta de Goberno Local para un concello de menos de 50.000 habitantes, so é válido para grandes cidades. Naquel entón xa indicábase que tiña que ser ratificado ou aprobado polo pleno que é a quen lle corresponde. Podemos entrar agora a discutir de que o Ministerio fai dunha maneira, outros fan doutra. Isto é un Plan Único que pon a disposición dos concellos a Deputación da Coruña non é outro organismo e por o 100% do capital, como o pon ela eses fondos a disposición dos concellos regula nas súas bases como debe ser e como non debe ser. Podemos entrar a discutir despois motivos legais ou non. Dos noventa e pico concellos que hai na provincia de A Coruña todos o teñen claro e presentan un acordo do Pleno e foi así, non algo que se sacase agora a Deputación, foi así sempre desde que houbo o Plan de Obras e Servizos. Que queiramos agora retorcer, quitarlle competencias ao Pleno, alá cada quen. Estamos poñendo en risco uns cartos que se o concello quere acollerse a eles ten que cumprir o que esixe a Deputación da Coruña nas súas bases e non constaba nada naquel entón por que se podía levar esta cuestión no pleno que se celebrou en xullo, aprobarse alí, e non andar con voltas como andamos a día de hoxe, ter que convocar unha sesión extraordinaria, única e especificamente para isto e ter que aboar unhas asistencias que lle custan á veciñanza. Todo por esa teimudez que non encontran lóxica. Para dar conformidade, para non perder eses fondos, que se poidan investir no concello de Ordes van a votar cunha abstención, non poden votar favorablemente por que tiveron ocasión tampouco de presentar unha serie de proxectos, de propostas para dicir en que poden ir destinados eses fondos, non tiveron nesta volta esa ocasión. Ante esta situación, para evitar perder eses fondos, que se poidan investir eses cartos en obras que poidan ser máis ou menos discutibles imos optar por abstermos neste punto e facilitar a súa tramitación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos manifestaron o sentido do seu voto, vai a dar unha explicación de como chegaron a esta situación, independentemente de que cada grupo traslade o seu punto de vista, eles tamén van a trasladar o seu e facer a defensa que consideren oportuna dende a acción de goberno. O Sr. Vidal Ríos na súa labor de oposición política, como debe ser, gústalle moito amosar unha visión sempre crítica para calificar a labor política do alcalde e do grupo de goberno, isto o entende. aínda que ten costume de utilizar



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

termos esaxerados e burlescos tanto nas redes sociais, como despois neste pleno. Como ven dixo no pleno de organización xa sabe que a corporación resultante das eleccións locais de maio de 2019 non é a mesma que a das eleccións locais de maio de 2015. O alcalde non está obsesionado con restarlle competencias ao pleno, simplemente fai uso das posibilidades que lle permite a lei, que ao Sr. Vidal Ríos parece que lle doe e lle custa aceptar. O pleno do concello de Oroso no que o goberno corresponde ao PSOE tamén delegou todas as competencias permitidas legalmente na xunta de goberno local, BOP nº 122, de data 01/07/2019. O pleno do concello de Rianxo no que o goberno corresponde ao BNG tamén fixo unha delegación de competencias do pleno, neste caso directamente no alcalde, nin na Xunta de Goberno Local, BOP nº 142, de data 30/07/2019. Que o pleno faga unha delegación de competencias no alcalde ou na xunta de goberno local no marco da lexislación de réxime local chámase normalidade democrática. Pode consultar o BOP onde poderá encontrar como concellos gobernados por distintas forzas políticas a proposta da alcaldía aprobaron nos plenos de organización delegacións de competencias do pleno no alcalde e/ou na xunta de goberno local. Non creo e así o considera, tome a palabra co maior dos respectos, que debamos calificar a eses alcaldes como obsesionados con restarlles competencias ao pleno, el non o considera, aínda que ao alcalde de Ordes semella que si, esa é a súa obsesión e a súa burla continua contra esta persoa que o respecta e o respectará sempre. Se algún día vostede chega a gobernar Ordes cunha maioría absoluta propia, isto cree que é algo complicado, ou en coalición con outros partidos non vai a propor unha delegación de competencias do pleno, el dille agora xa que si e con total certeza xa de non equivocarse. Cando no anterior mandato foron inicialmente sete concelleiros, cinco e seis respectivamente de seguido a alcaldía e os concelleiros do grupo de goberno aceptaron sen queixa algunha que non tiñan a maioría no pleno e adaptaron a súa labor política a esa situación. Agora as tornas cambiaron Sr. Vidal e toda a corporación teñen que aceptar as regras de xogo democrático, eles así o farán, diso non cabe ningunha dúbida pola súa persoa e pode por tamén enriba da mesa o comportamento idéntico dos seus compañeiros do goberno local. Na proposta de alcaldía que se lle remitiu coa convocatoria explícase en detalle o que está a acontecer co punto que hoxe o levou a convocar hoxe este pleno extraordinario, a solicitude de participación POS+ Adicional 1/2019 2ª Fase. Non creo que sexa o alcalde de Ordes ao que se deba de calificar como teimudo, mais ben é a Deputación Provincial á que se debería calificar como tal por empeñarse en non aceptar unha delegación de competencias. Negativa que non xustifica pese a terlle solicitado unha motivación desa negativa e que debería vir recollida no requirimento efectuado como existen as normas de procedemento administrativo. Deixemos no aire, quizais a Deputación da Coruña que non nos da unha explicación e segue empeñada que o criterio válido do xogo democrático e a súa imposición que acaba de mencionar que son as súas bases e o órgano competente é o pleno. Nos consideramos que nos está desprezando, está desprezando aos veciños de Ordes, se isto non é así por que non contesta á nosa petición de aclaración, que nos conteste. Na comisión informativa o Sr. Vidal Ríos despois de consultar coa Deputación Provincial dixo que a delegación non era posible, pero non indicou por que, todos somos suficientemente intelixentes para non atender como resposta dicir que as bases non o permiten non é suficiente, hai que dar unha explicación razoada, pode ser breve, pero ten que ser suficiente para que o concello entenda por que non é posible. Se estamos equivocados unha vez tida esa explicación, ben sexa pola súa parte ou pola Deputación Provincial da que vostedes forman parte do goberno, non terán ningún problema en recoñecelo. Para que o entenda, vostede que é arquitecto técnico, pode solicitar unha licenza urbanística e o concello denegarlla dicindo que a lei do solo non o permite, pero hai que dicir en que concreto artigo ou artigos da lei ou do planeamento municipal non autorizan ese uso. O artigo 26 da Lei do solo contempla as actuacións prohibidas en solo de núcleo rural, é ben coñecedor dese extremo. Hai unha prohibición expresa e clara, que non figura en ningún sitio no art. 5 das Bases do POS+ 2019, facilmente entendible, polo que calquera outra actuación que se corresponda cun uso dos sinalados no artigo 25.2 é posible. As bases reguladoras do POS+ 2019 non establecen unha prohibición expresa dunha delegación do pleno na xunta de goberno local, non a establecen, do acordo de participación neste plan. Esa é unha interpretación que vostede fai, que está



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

prohibido, que non é posible, que fai o Servizo de Plans, cousa que xa non coincide coa interpretación que fai o Secretario provincial. Insiste, a día de hoxe non sabemos por que. Igual o Sr. Vidal Rios pode intermediar, así llo pide, para que o Servizo de Plans da Deputación Provincial, ben hoxe neste pleno ou unha vez rematado este, fágao cando o considere oportuno, se nos informe por que non se acepta esa delegación. Se teñen claro non é así, cal é o problema para explicalo, simplemente piden que nolo expliquen. Non é suficiente con que se diga que as bases reguladoras do plan esixen un acordo plenario. O acordo plenario xa existe, é o adoptado pola xunta de goberno por delegación, como así se indica non propio acordo, a lei é moi clara, acordo adoptado por delegación do pleno á xunta de goberno local enténdese adoptado polo órgano delegante, neste caso o pleno, dálle á cabeza e di que non pero a realidade da lei é esa. A actuación que o concello, que o alcalde, a xunta de goberno esta a levar a cabo neste asunto é sempre co previo informe do secretario municipal, e como xa se dixo na comisión informativa antes da adopción deste acordo consultouse co servizo de plans, obviamente nese servizo hai funcionarios con opinións distintas, como lle respecto a súa opinión distinta. Como se di na proposta da alcaldía o propio Secretario Xeral da Deputación Provincial considera que en termos xerais esa delegación é posible. E o que resulta mais esclarecedor é que a propia Administración do Estado tamén. Unha solicitude dunha subvención, por que iso é o que é un plan provincial, que non é unha financiación do 100 % por que tamén se poden aportar á financiación fondos municipais, que corresponde pedir ao pleno é perfectamente delegable na xunta de goberno local. A lei é clara e o órgano provincial en lugar de pronunciarse impón sen máis a súa interpretación e explicación ningunha. Teimudos e moito, a Deputación Provincial. Repítolle non hai unha prohibición expresa desa delegación, si unha discrepancia na interpretación por un lado das bases reguladoras do Plan POS+ 2019 e as normas reguladoras das competencias do pleno do concello. Se hoxe hai que celebrar este pleno é consecuencia da atitude da Deputación Provincial que obriga a que o pleno adopte un acordo sobre unha cuestión sobre a que xa se pronunciou a xunta de goberno local pola súa delegación. Deputación Provincial que esta a xogar co concello de Ordes coa ameaza de ou aceptas como eu interpreto as normas, aínda que non che vou a explicar como as interpreto, ou podes perder unha subvención. Como pode ver hai una visión distinta para uns mesmos feitos, así como o reparto ou atribución de culpas. O alcalde non está a fuxir para adiante. O alcalde ten o suficiente criterio para entender ou pedir explicacións dos informes dos técnicos municipais e en base a estes adoptar unha decisión. O mesmo aconteceu cando no pleno de 1 de marzo de 2017 o grupo político UxO e PSOE e dous concelleiros non adscritos aprobaron unha modificación da organización municipal, que se aceptou, aínda que non se compartía, e ante unha distinta interpretación das normas xurídicas aplicables houbo que acudir á vía contencioso administrativa para que nos deran a razón, en todo. Non lle trae a colación unicamente para recordarlle isto, non viu por ningún lado que o BNG criticase o custe de aqueles dous plenos extraordinarios, nin incluso un que eles mesmos trataron de promover a pesar de non ter concelleiros suficientes para que este puidese celebrarse e polo tanto gozar dun defecto de forma. O pleno convocase unha vez que se fai o requirimento, non é a mesma situación que as subvencións do IDAE pois acordáronse nunha xunta de goberno antes da delegación de competencias para que non confundamos os extremos e nos anticipamos á resolución que nos ía a chegar do Ministerio. Creo que a cuestión esta suficientemente explicada, é clara, cada grupo político puido formar a súa opinión. Vostede pode seguir a criticar ao alcalde, ao grupo de goberno, creo que a actuación da Deputación Provincial tampouco é a máis correcta. O único que pedimos e demandamos é que se nos dea unha explicación e se nos conteste ao noso requirimento. Que nos contesten por escrito, que nos motiven o feito. Tamén ten impreso o artigo 5, documentación xeral das Bases do POS+ 2019 e en ningún sitio o prohíbe. Unicamente fai unha apreciación para os grandes municipios, nada máis.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que coas volta que levamos dando cun acordo plenario, que é a discusión, se se fai como se facía ata o de agora pensa que todos ían a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que que sinala que sabe perfectamente que dende o BNG procuramos ter certa retranca, pero máis ou menos dentro dun respecto. Tampouco vimos aquí a insultalos, calificamos un comportamento que entendemos que é teimudo. Tendo claras as advertencias, por moito que lle diga que a lexislación e tal e cal, vai a un contencioso que lle diga quen ten a razón. Se quere gastar cartos nun contencioso e intentar darlle a volta a tortilla para demostrar que aquí tiña a razón. Cando lle reitera que os noventa e pico concellos que participan neste plan da Deputación Provincial da Coruña o teñen bastante clariño. Non sabemos por que Ordes non o ten tan claro e intenta coller e facer algo distinto do que se leva facendo todos estes anos que nunca foi cun acordo dunha xunta de goberno local. De acordo en que poden delegar as competencias que así o establece a lei. Hai unhas bases reguladoras dunha subvención que establecen unha serie de condicionantes. Nas bases pon claramente que ten que se a través dun acordo plenario excepto nas grandes cidades. Ordes por desgracia non é unha grande cidade. A día de hoxe están claras as regras de xogo. Pensa que calquera persoa tendo clara a advertencia que se lle fixo no seu día, mire pode pasar isto, non é a través dunha xunta de goberno local que ten que se a través dun acordo plenario e se tire para adiante. É un comportamento teimudo. Pensou naquel momento que tiña a razón e tirou para adiante. Agora a Deputación contéstalle cun requirimento. Que di que non está motivada, cree que está bastante claro. Nas bases artigo 5.A di que se require un acordo plenario ou acordo da Xunta de Goberno Local que teña delegado as súas competencias, como di non o prohibe pero tampouco o permite. Non van entrar no pasado. Si intentaron promover un pleno extraordinario por que consideraban entón que era unha cuestión medioambiental o suficientemente importante como para non agardar ata o mes de setembro que era no mes de agosto e intentar solucionar o tema do vertedoiro de Lesta ou facer unha declaración institucional de que estábamos en contra desa autorización e apoiar á veciñanza de Lesta. Estaba máis que xustificada a necesidade dun pleno extraordinario naquel entón. Os outros dous plenos que houbo, están aí as actas, o BNG deixou ven claro que a súa atitude e de feito votou en contra das propostas que se fixeron naqueles plenos. Foron críticos naquel entón con aqueles plenos. Non é a situación que temos hoxe que puido quedar arreglado todo no pleno de xullo se se levase este punto como se levou sempre en todos os concellos a pesar de que se me diga que en Rianxo teñen delegacións no alcalde, pero chega a hora do POS e vai a pleno, por que o teñen todos claro. Non volver a cometer o erro nun futuro. Se queren tamén poden chamar á Deputación Provincial e falar coa Xefa de Servizo, hai outros alcaldes que teñen calquera outra dúbida e o fan, conversan con ela, sempre se recibe a todo o mundo. Tamén lle gustaría que a Xunta contestase aos informes sectoriais do PXOM que levamos varios anos esperando e non vexo esa enervación para ver se lle contestan dunha vez. Esta bastante claro, todos os concellos o teñen claro, para outra ocasión evitar esta perda de tempo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a perda de tempo o analizarán no futuro, tamén co asesoramento dos técnicos tomarase a decisión que haxa que tomar. Segue insistindo que o comportamento do Servizo de Plans da Deputación Provincial non é correcto cando non a información que se lle está requirindo, tivo tempo e tempo, ben sexa cando se lle chama telefonicamente, ben sexa cando llo pides por escrito. É curioso que o Secretario ten claro que de inicio non lle ve ningún tipo de problemática a que se poida facer esa delegación. A día de hoxe nos atopamos nesta situación e non vamos a perder a subvención.

Solicita intervir o Sr. Secretario, que sinala que a Deputación Provincial se aproba un Plan, o mesmo que fai a Xunta de Galicia e a Administración do Estado saca unhas bases reguladoras, nestas regula as condicións do Plan, o que son as normas de competencia son o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

artigo 21 e 22 da LBRL que é aplicable tanto ao concello de Ordes como á Deputación Provincial, que é o que a Deputación Provincial non está tendo en conta. O debate non esta sobre as bases está sobre as normas de competencia. A Deputación Provincial indica que o órgano competente é o Pleno, unha vez que se establece esa competencia para a súa interpretación hai que ir ao art. 22 da LBRL que é o que establece as competencias que son delegables e non son delegables. O que se lle está pedindo que é o que non poñen no seu requirimento, din que as bases indica acordo plenario. O acordo fixo unha delegación de competencias en base ao art. 22 da LBRL que a Deputación ten que ter en conta. O que teñen que dicir é que en base ao art. 22 da LBRL esa competencia non é delegable. As bases non prohiben esa delegación, entón temos que acudir ao art. 22 da LBRL que é onde se regulan as delegacións de competencias. Por iso cando se plantexou esta solicitude miramos as delegacións, hai unha cláusula xeral que di que se delega todo o que non estea prohibido ou maioría absoluta, que non é neste caso, ao non estar prohibido entendemos que está delegado. O que se pide é que se explique como se interpreta distinto o art. 22 da LBRL. Cando se envía un requirimento de subsanciación, unha Orde regula unha serie de papeis que hai que presentar, se falta un papel requírese a subsanación dun papel que falta, aí non se está dicindo que falta ese papel por que o acordo plenario xa existe por delegación o que non se di é por que non se da por válido ese acordo plenario. Se se da unha explicación e a entendemos temos claro como se interpreta, cando falei co Secretario da Deputación deu unha serie de explicacións xustificativas, pero non o Servizo de Plans.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE) e coas abstencións (1 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Ratificar en todos os seus puntos o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19/07/2019, de participación na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Plans da Deputación Provincial da Coruña.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e dous minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO